

RÚA EXT CÉNICA

II Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 13 ao 15
de xullo de 2018



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



► Venres 13 de xullo

ás 20.00 h: **JAVI JAVICHY/Plato, platito, platete** (malabares/clown)

Autoría: Javi Javichy. Dirección: Javi Javichy. Elenco: Javi Javichy. Duración: 45 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: Madrid

Sinopse: Tras vinte anos de espectáculos por todo o mundo, nesta produción, o showman Javi Javichy busca a risa en todo o momento mesturando os gags máis clásicos con rutinas de circo, pratos de porcelana, chapeus, caixas de puros para rematar cun arriscado número de rulo americano que non deixará indiferente o público. (Praza Esther Pita en Santa Cruz)

ás 21.30 h: **MUUM/MUUM máis Danza** (danza/música)

Autoría, composición e arranxos musicais: MUUM (María Move e Manuel Fonte). Coreografía: Nuria Sotelo, Cris Vilariño e María Move. Dirección: colectiva. Elenco: Nuria Sotelo, Cris Vilariño, María Move, Manuel Fonte e Gilbert Eiche. Duración: 25 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: Galicia

Sinopse: Son, voz e electrónica engadida ao movemento. MUUM é mestura de atmosferas e ambientes sonoros de percusión, guitarra, electrónica e voces, que opta por dar brillo aos ritmos tradicionais de Galicia. O Dúo MUUM mestura as atmosferas e ambientes sonoros, con electrónica e voces, dando unha personalidade especial ás súas composicións. (Praza do Castelo en Santa Cruz)

► Sábado 14 de xullo

ás 12.30 h: **COMPAÑÍA IO/Contiguo** (acrobacia/corda lisa/roda cyr/danza)

Autoría: Compañía IO. Dirección: Natalia Outeiro. Elenco: Álvaro Pérez Fidalgo e Álvaro Reboredo Ortega. Duración: 55 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: A Coruña

Sinopse: Contiguo é un espectáculo sensitivo, poético e dinámico, o lugar onde un acaba e o outro empeza. É a poesía do corpo e dos propios límites. O risco de darse a coñecer e sobrepasar o medo a perderte en alguén. Reinventarse unha e outra vez a través dos demais. (Praza Esther Pita en Santa Cruz)

ás 21.00 h: **MounQup + IGMIG** (música electrónica-jazz-pospunk-rock progresivo)

Concerto das dúas propostas gañadoras do certame musical Fran Pérez Narf convocado pola Deputación da Coruña na edición de 2017. Duración: 75 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos

MounQup é o proxecto persoal da cantante francesa Camille Hédouin, afincada nunha aldea de Ourense desde 2011 dentro das escenas do folk electrónico ou electrónica rural. Con influencias de The Knife, Animal Collective ou Björk, MounQup ofrece un universo musical onde as bases electrónicas mestúranse sutilmente con multitude de voces ás veces suaves e ás veces contundentes e potentes. Miguel Seoane (guitarra e voz), Nacho Muñoz (teclados e voz) e Suso Feixón (percusión e voz), conforman un trío musical de difícil clasificación. Estes músicos vigueses de longa traxectoria, xúntase en 2013 para crear **IGMIG**, unha mestura explosiva de rock progresivo, funk, electrónica e pospunk. (Praza do Castelo en Santa Cruz)

► Domingo 15 de xullo

ás 12.30 h: **CIA. LA MANO JUEVES/Ricki, el profesor de tenis** (circo/clown)

Autoría: Walter Velázquez e Cía. La Mano Jueves. Dirección: Walter Velázquez e Cía. La Mano Jueves. Elenco: José Luis Redondo. Duración: 45 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: Barcelona

Sinopse: Aclamado por crítica e público durante os anos oitenta, Ricky era un deportista de elite, de éxito: Wimbeldon, Open USA... non existía ningún torneo que se lle resistise. Pero un bo día, un desafortunado test antidopaxe remata coa súa carreira. Desde entón, Ricky nunca logra recuperar a súa popularidade e é por iso que agora, en plena crise dos corenta, lánzase para intentar demostrar que o seu talento e as súas grandes capacidades seguen intactas. Ricky agora é un profesor de tenis moi particular, que ofrece clases maxistras de tenis alá onde o público lle queira prestar un pouco de atención, utilizando o seu gran sentido do humor e diferentes técnicas de circo.

(Miradoiro de Santa Ana en Mera)

ás 21 00 h: **SENPÜ/"Agua"+EXIRE/"Nexos"+ ELAHOOD/"Impermeable"** (danza contemporánea)

• SENPÜ/"Agua"

Autoría: Cía. Sempü. Dirección: Chey Jurado.

Elenco: Chey Jurado. Duración: 10 minutos.

Destinatarios/as: todos os públicos.

Procedencia: Badajoz

Sinopse: Esta peza trata de plasmar as singularidades do elemento auga a través do corpo e a danza. Peza gañadora na categoría de solista no festival HOP Barcelon, Premio do Público no Festival 10 Sentidos e obtivo 6 títulos no Certamen Internacional de Coreografía Burgos-New York.

• EXIRE/"Nexos"

Autoría: Estefanía Gómez e Alba Fernández.

Dirección: Estefanía Gómez e Alba Fernández.

Elenco: Estefanía Gómez e Alba Fernández.

Duración: 12 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: Galicia (A Coruña)

Sinopse: Percorrido por momentos que quedaron gravados no noso corpo, e deixan ver dous seres

(Parque José Martí en Santa Cristina)

reais, imperfectos, peculiares, fermosos...

Soltamos o peso da mirada dos outros, abrazamos a propia persoa e recoñecemos para decidir amosar o que escollemos ser, ao fin e ao cabo gozamos de ser un mesmo... A única persoa coa que se está obrigado a vivir.

• ELAHOOD/"Impermeable"

Autoría: Sabela Domínguez e Julia Laport.

Dirección: Sabela Domínguez e Julia Laport.

Elenco: Sabela Domínguez e Julia Laport.

Duración: 10 minutos. Destinatarios/as: todos os públicos. Procedencia: Galicia (Oleiros)

Sinopse: Espectáculo de danza urbana baseado en distintas culturas e estilos musicais. "Impermeable", (substancia) que non permite o paso da humidade, a auga ou outro líquido. (Persoa) que é indiferente a unha emoción ou un sentimento.

RÚA *ex*-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música, circo, danza, teatro de rúa, maxia...

Venres
13 de xullo

▶ **ás 20.00 h:** JAVI JAVICHY/*Plato, platito, platete*
(malabares/clown)

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

▶ **ás 21.30 h:** MUUM/MUUM *máis Danza* (danza/música)

Praza do Castelo (Santa Cruz)

Sábado
14 de xullo

▶ **ás 12.30 h:** COMPAÑÍA IO/*Contiguo*
(acrobacia/corda lisa/roda cyr/danza)

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

▶ **ás 21.00 h:** MounQup + IGMIG

(música electrónica-jazz-pospunk-rock progresivo)

Praza do Castelo (Santa Cruz)

Domingo
15 de xullo

▶ **ás 12.30 h:** CIA. LA MANO JUEVES/
Ricki, el profesor de tenis (circo/clown)

Miradoiro de Santa Ana (Mera)

▶ **ás 21.00 h:** SENPÜ/"*Agua*" + EXIRE/"*Nexos*" +

ELAHOOD/"*Impermeable*" (danza contemporánea)

Parque José Martí (Santa Cristina)



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística